




ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos correspondentes locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego / Galicia Hoxe*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Periódico de las Mariñas Coruñesas e Mariñán*.



«Caos en la jungla», xilografía do artista betanceiro **José Valentín**.

1 de xaneiro de 2005

Como vén sendo habitual nos últimos anos, un gran número de mozos da comarca elixiron a Feira do Primeiro para rematar as celebracións da festa de Fin de Ano.

4 de xaneiro de 2005

A Asociación Bernardo Miño, en colaboración co grupo betanceiro “Blank”, organizou un festival de música na Casa da Xuventude, no que interviñeron novos grupos de punk e harcord.

5 de xaneiro de 2005

Coa tradicional Cabalgata dos Reis Magos remataron os festexos do Programa de Nadal elaborado polas delegacións de Cultura e Festexos do Concello, que contou coa colaboración de numerosas asociacións e particulares.

10 de xaneiro de 2005

Nas dependencias da Escola Taller inauguráronse os cursos do Proxecto Proximitas, para a inserción laboral en asistencia social organizados pola Deputación Provincial. Os cursos impartidos foron de atención a persoas maiores e de auxiliar do fogar e coidador. Foron inaugurados polo deputado provincial D. Antonio Lagares Pérez.



César Delgado

Xaneiro de 2005

Neste mes foi distribuído entre os veciños o novo calendario editado polo Concello, con fotos antigas do Arquivo Municipal e fotos actuais nas que participaron os fotógrafos da cidade.

15 de xaneiro de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Salitre* a cargo da compañía de teatro *Volta e Dálle*.

16 de xaneiro de 2005

A igrexa de San Francisco acolleu un concerto da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia, interpretándose pezas de Musorgski, Elgar e Berlioz. Foi organizada pola Concellería de Cultura.

20 de xaneiro-13 de febreiro de 2005

Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo tivo lugar a mostra “Nadir: camiño de Compostela”, unha exposición colectiva de pintura, escultura, fotografía e artesanía. Foi organizada pola Delegación de Cultura do Concello.



César Delgado

20 de xaneiro de 2005

Con motivo do 104º aniversario da betanceira Dª Petra Josefa Fernández Vázquez, o alcalde, D. Manuel Lagares, trasladouse ao seu domicilio para entregarlle un agasallo.

21 de xaneiro de 2005

María Luísa Otero Pérez recibiu o premio do Sorteo de Nadal organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos. Estes premios están encadrados na idea de promocionar e dinamizar o comercio local.

25 de xaneiro de 2005

Inaugurouse a Oficina Municipal de Información Xuvenil, situada na rúa de Emilio Romay, orientada a ser punto de encontro e de información para a mocidade. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado entre outros polo concelleiro de Xuventude e Normalización Lingüística, D. Andrés Otero Botana.

26 de xaneiro de 2005

No Pleno Municipal deste día tomaron posesión dos seus cargos como concelleiros D. Juan Manuel García Varela e Dª Concepción Valladares, que ocupan as vacantes dos concelleiros dimitidos D. Javier de la Fuente, concelleiro do Partido Popular, e D. Isidro Doporto, concelleiro do BNG. A nova edil, Dª Concepción Valladares Vázquez, ocupou a Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística dentro do Goberno municipal.

29 de xaneiro de 2005

Deu comezo neste día o programa “Contos na pedra”, organizado polas concellerías de Casco Histórico, Comercio e Xuventude, co obxecto de dinamizar o sector hostaleiro do casco histórico. O programa desenvolveuse ao longo dos meses de xaneiro, febreiro e marzo e nel participaron: Avelino González, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Maruxiña, Jonhy Mediagramo, Pedro Brandariz, Rober Bodegas e David Lendoiro.

Febreiro de 2005

Deuse a coñecer a través da prensa que o mozo músico brigantino Darío Mariño tiña confirmada a súa presenza como integrante da Xove Orquestra Europea Gustav Mahler.

4 de febreiro de 2005

No local da Asociación Cultural As Covas de Guiliade celebrouse un acto de homenaxe a D. Marcelino Vázquez, Dª María Arboiro, D. José Presedo e D. Manuel Rey Casal. Descubriuse así mesmo unha placa conmemorativa no mesmo local a D. Manuel Rey Casal. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares.



César Delgado



César Delgado

5-9 de febreiro de 2005

Desenvolveuse ao longo destes días o Programa de Festexos do Antroido elaborado polo Concello. Tiveron cabida bailes, atraccións para nenos, disfraces. Rematou, como vén sendo habitual, co enterro da sardiña.

Febreiro de 2005

O Concello, a través da concellería de Comercio e de Normalización Lingüística, desenvolveu a campaña “En Galego tamén se come”.

Consistiu na tradución ao galego das cartas dos menús dos bares e restaurantes que se acolleron a esta campaña. Con ela pretendeuse fomentar o uso do galego no sector da hostalería.

17 de febreiro de 2005

O deseñador betanceiro Jorge Vázquez presentou a súa nova colección de roupa na Pasarela Cibeles de Madrid.

18 de febreiro de 2005

Alumnos dos diferentes centros de secundaria de Betanzos acudiron á Coruña a un concerto de iniciación á música, ofrecido pola Orquestra Sinfónica de Galicia e patrocinado pola Deputación Provincial e polo Concello.

22 de febreiro-31 de marzo de 2005

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición itinerante «Os segredos das Árbore», auspiciada pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e por Unión Fenosa, e da que foron autores Susana Domínguez e Ezequiel Martínez.

27 de febreiro de 2005

Representouse na Aula Municipal de Cultura a cargo da compañía de teatro Casahamlet a obra “Lionel: o malestar do benestar”, de Manuel Lourenzo.

1 de marzo de 2005

Inaugurouse o Centro de día Castela, primeiro centro privado da comarca brigantina. Na inauguración estiveron presentes o Presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, e a concelleira de Servizos Sociais, D^a María Barral.

4 de marzo de 2005

A nosa cidade semellaba este día un gran taller de pintura, pois as rúas máis emblemáticas foron tomadas por máis de trinta pintores que participaron no I Encontro coa Pintura, organizado pola Deputación Provincial. Nel participaron artistas betanceiros como Anne Heyvaert e Alfredo Erias.



Alfredo Erias

4 de marzo de 2005

O concelleiro de Infraestruturas, D. Ramón García presentou en compañía de responsables da compañía de Gas Galicia, D. José Picón e de R. D. Manuel Doval o plan de obras que se desenvolveron ao longo do ano nas rúas da cidade.

6 de marzo de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Defensa de Dama», a cargo da compañía Balea Branca.

Marzo de 2005

Neste mes quedou instalada a nova iluminación dos monumentos do casco histórico, que resaltan os elementos característicos do patrimonio monumental da cidade. Este programa estivo impulsado pola Concellería de Urbanismo e Casco Histórico e pola Delegación de Obras da Deputación Provincial.

8 de marzo de 2005

No Edificio Liceo celebrouse o recital poético «Palabras de Identidade», no que participaron Ánxeles Penas, Eva Veiga, Marica Campo e Olga Patiño, que contaron co acompañamento musical de Tino Baz. O acto foi organizado pola Concellería de Cultura e Servizos Sociais.



9 de marzo de 2005

No Edificio Liceo tivo lugar unha xuntanza do xefe de Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, D. Ángel González, e o xefe de Conservación de Estradas, D. Eduardo Toba, co alcalde, D. Manuel Lagares e co concelleiro de Infraestruturas, D. Ramón García.

10 de marzo de 2005

Visitou a nosa cidade o xefe de Demarcación de Costas, D. Rafael Eimil, que estivo acompañado polo alcalde, D. Manuel Lagares e polo concelleiro de Infraestruturas, D. Ramón García.

7-12 de marzo de 2005

Encadradas dentro do Plan de Prevención de Drogodependencias que leva a cabo o Concello a través da concellería de Servizos Sociais, celebrouse ao longo destes días un ciclo de conferencias nos centros educativos da cidade, e entregáronse ademais folletos informativos sobre o efecto das drogas.



César Delgado



César Delgado

11 de marzo de 2005

Visitou a nosa cidade o director xeral de Emigración, D. Juan Ramón Copa Novo, que foi recibido polo alcalde, D. Manuel Lagares e varios concelleiros na Sala Capitular do Concello.

12 de marzo de 2005

No Edificio Liceo celebrouse a I Edición da Xuntanza de Labores Artesanais, organizada pola Asociación de Mulleres da Condesa e polo Concello a través da concellería de Servizos Sociais. Reuniu a máis de catrocentas artesás pertencentes aos colectivos de Ourense, Ponferrada, Camariñas, Ferrol e Asturias.

17 de marzo de 2005

Inaugurouse oficialmente no Polígono de Piadela o Parque Comarcal de Bombeiros de Betanzos, que lles dá servizo aos concellos de Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Vilarmador e Vilasantar. O acto estivo presidido polo presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, que estivo acompañado polo presidente do Consorcio Provincial de Bombeiros, D. Alfonso Rueda, polo alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares, e por diversos alcaldes da comarca.

17-30 de marzo de 2005

Puido contemplarse nestes días na Aula Municipal de Cultura a exposición de pintura de Pilar Anta, titulada «Luz e color de Galicia». A mostra foi organizada pola Delegación de Cultura do Concello de Betanzos.

19 de marzo de 2005

A moza brigantina, Sandra Golpe Ferreiro proclamouse Campiona Galega en categoría cadete no Campionato de Tae Kwon-Do celebrado en Santiago de Compostela. Nesta mesma xornada proclamouse campión masculino o adestrador do club Kwon, Rubén Taboada.



César Delgado



19-27 de marzo de 2005

Ao longo destes días desenvolvéronse os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón, na igrexa de San Domingos, a cargo de D^a María del Carmen Arcos Gómez, presidenta da Coordinadora das Confrarías de Semana Santa de Ferrol. Os actos máis relevantes foron as procesións de Domingo de Ramos, Vía Crucis, Santo Entero e dos Caladiños. Este ano incorporáronse ás procesións dúas novas imaxes: O Cristo de Santa María e a Virxe da Angustia.



César Delgado

1-15 de abril de 2005

Puido contemplarse no Edificio Liceo unha exposición de plumiñas e acuarelas de M. Suárez de Concha.

4-8 de abril de 2005

Desenvolveuse ao longo destes días a III Semana Cultural, organizada polo IES As Mariñas. Talleres artesanais, charlas, películas, concertos e teatro foron algunhas das actividades que tiveron lugar. O evento foi clausurado polo alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado polo delegado de Cultura e Educación, D. Francisco Díaz, e polo de Formación, D. Andrés Otero.



César Delgado

7 de abril de 2005

Foron recibidos no Edificio Liceo polo alcalde, D. Manuel Lagares, e polo concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz, os deportistas betanceiros máis destacados da tempada pasada.

7 de abril de 2005

Tivo lugar a conferencia de Concepción Delgado Corral co título “Betanzos, oficina literaria das Mariñas”, que inaugurou o I Ciclo de Conferencias “Anuario Brigantino”, organizado pola Delegación de Cultura do Concello. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares.



Alfredo Erias

10 de abril de 2005

Celebrouse na praza do Campo a VI Feira do Queixo co lema “Comercia en Betanzos: Consume Productos da nosa Terra”. Estivo organizada pola Delegación de Comercio, Formación Ocupacional e Desenvolvemento Local do Concello. Nela participaron produtores de toda a comarca e contou con numerosos visitantes. O primeiro premio ao mellor queixo fresco foi para D^a María del Carmen Corral Castro, de Oza dos Ríos. O primeiro premio para semicurados foi para D. José Florentino Gómez Vázquez, de Aranga. O premio ao mellor posto foi para D. Aurelio Sánchez Martínez, de Aranga. Un atractivo engadido foi a realización dun Rastro de Antigüidades.



César Delgado

11 de abril de 2005

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción oficial a D. Xaime Bello, vicepresidente da Deputación Provincial. O acto, ao que asistiron diversos concelleiros, estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares.



Abril de 2005

Desenvolveuse ao longo deste mes un curso de Educación Viaria dirixido a alumnos de educación primaria, impartido polos gardas municipais, D. Manuel Seijo, D. Alberto Fernández e D. Víctor Méndez. A organización foi da Concellería de Tráfico do Concello.



César Delgado

14 de abril de 2005

Conmemorouse no Museo das Mariñas, diante da bandeira do Goberno Republicano no Exilio, o 74º aniversario da proclamación da II República. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares. Na Sala Multiusos do Edificio Liceo celebrouse unha mesa redonda sobre: “Republicanismo e cidadanía”, coa participación de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña, D. Eduardo Rego Rodríguez, vicepresidente de Política Universitaria da Fundación IEPS e profesor titular de Socioloxía da Universidade da Coruña, e D. Antonio Campos Romay, Presidente da Fundación Instituto de Estudos Políticos e Sociais.



Alfredo Enías

15 de abril de 2005

Dentro do I Ciclo de Conferencias “Anuario Brigantino”, organizado pola Delegación de Cultura do Concello tivo lugar na Sala de Usos Múltiples do Liceo unha conferencia de Xesús Torres Regueiro titulada “Unha ollada á prensa betanceira (1883-1956)”.



Veiga

16 de abril de 2005

A Plataforma Anti-Trazado de Limiñón, aproveitou o día de feira en Betanzos para recoller sinaturas en contra do trazado do gasoducto.

16 de abril de 2005

O mozo brigantino Antonio Lagares Abeal acadou o primeiro premio dun concurso para novos trompetistas, que se celebrou en Alba de Tormes (Salamanca).

17 de abril de 2005

Na Aula Municipal de Cultura e organizado pola Delegación de Cultura, representouse a obra *Spristi Hotel Run*, a cargo da compañía de teatro Mohicania.

20 de abril de 2005

A partir deste día os veciños de Betanzos poden presentar escritos e solicitudes dirixidos á Deputación Provincial no Rexistro do Concello («Portelo Único»), medida que aforra desprazamentos dos betanceiros á cidade da Coruña.

21 de abril de 2005

Deu comezo o Centro de Formación Ocupacional o curso de Soldador de Estruturas Metálicas Lixeiras, para persoas desempregadas. O curso contou coa colaboración da Xunta de Galicia, Fondo Social Europeo e Concello de Betanzos.

21-23 de abril de 2005

O arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, estivo estes días de visita pastoral na nosa cidade, onde visitou diversas asociacións e colectivos, como, os centros de ensino e outras institucións. Foi recibido na Sala Capitular pola Corporación Municipal presidida polo tenente de alcalde, D. Francisco Díaz.



César Delgado

22 de abril de 2005

Dentro do I Ciclo de Conferencias “Anuario Brigantino”, organizado pola Delegación de Cultura do Concello tivo lugar na Sala de Usos Múltiples do Liceo unha conferencia de Xulio Cuns Lousa e Xosé María Veiga Ferreira titulada “Orquestras populares das Mariñas”.



Alfredo Erias

Abril de 2005

Rapaces da comarca de Betanzos comprendidos entre os 12 e 14 anos participaron no programa da Deputación da Coruña “Vivir o Mundo: vivir Europa”, que consistiu nunha viaxe a Bruxelas.

24 de abril de 2005

Celebrouse no Coto de Verdes en Carballo o Campionato Provincial de Pesca de Salmónidos, no que resultou gañador o betanceiro D. Jesús Fraga Varela.

29 de abril de 2005

Dentro do I Ciclo de Conferencias “Anuario Brigantino”, organizado pola Delegación de Cultura do Concello tivo lugar na Sala de Usos Múltiples do Liceo unha conferencia de Alfredo Erias Martínez titulada “Os descubrimentos na Arte Medieval de Betanzos ao longo dos últimos 20 anos”.

Maio de 2005

Ao longo deste mes desenvolveuse o programa de actos das Letras Galegas, organizado pola Delegación de Cultura do Concello, e que este ano estivo dedicado a Lorenzo Varela. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, á parte das propias institucións do Concello como o Museo das Mariñas cos mes de portas abertas, campañas de animación á lectura na Biblioteca Municipal, etc.



Veiga



César Delgado

3 de maio de 2005

No Edificio Liceo presentouse a I Festa do Deporte, que se celebrou a mediados do mes de xuño e que organizou o Betanzos C.F. en colaboración co Concello. Esta iniciativa foi presentada polo coordinador dos actos, D. José Antonio Parada, que estivo acompañado polo presidente do Betanzos C.F., D. Julián García, e polo concelleiro de Deportes, D. Francisco Díaz.

5 de maio de 2005

Deu comezo unha campaña de animación á lectura organizada pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística co lema “Libérate cos libros”. Incluíu unha serie de actividades ao longo dos meses de maio a xullo, como o contacto dos alumnos con novos escritores galegos, teatro, exposicións e a campaña *Bookcrossing*-Betanzos de libros viaxeiros, consistente en deixar libros en bolsas en calquera lugar para que a xente os collese e lese gratis e os deixase noutro lugar.





Alfredo Erías

13-15 de maio de 2005

Celebrouse na avenida do Carregal a XX Festa do Viño de Betanzos, organizada pola Asociación de Colleiteiros de Betanzos, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do escritor e poeta Xulio López Valcárcel. Na cata dos viños presentados a concurso resultaron gañadores D. Diego Carneiro, en tinto, e D. Antonio Buyo, en branco. A festa volveu ser como en anos anteriores: un éxito de público e vendas, a pesar de que o tempo non axudou.

PREGÓN DA FESTA DO VIÑO

EXMº SR alcalde, Ilmº sr concelleiro de Cultura, autoridades, veciñas e veciños desta cidade de Betanzos, visitantes, amigas e amigos:

Lonxe estaba eu de sospeitar, cando hai algúns anos lle preguntaba a un amigo aquí presente a data da Feira do viño de Betanzos, que pasado o tempo me correspondería a min ser o pregoeiro desta edición, alto honor que me honra e que acepto, sen que – ben o sei- outros méritos me avalen que o de ser un sinceiro admirador desta histórica, culta e fermosa cidade, e dentro da miña modestia, entusiasma degustador do viño que nos propoñemos homenaxear.

Sinxeleza e bondade son características deste viño. Definido como “viño cadete”, como é sabido, por Cunqueiro, sen menosprezar a calificación do mestre, consideramos que o viño de Betanzos acadou hai tempo a maioría de idade, en base a un esforzo continuado de superación de colleiteiros e adegas que axudados polas novas tecnoloxías obtiveron melloras notables, tendo acadado xa cotas importantes de prestixio e de mercado.

É o viño de Betanzos un viño franco, que di a verdade e que non engana. Un viño noble, popular e comunal, amigo da festa e da celebración colectiva. Precisamente ese carácter sinxelo e sen excesivas pretensións é o que o fai máis atractivo, como se pode ver na ternura coa que lle fala o poeta, e tamén grande amigo de Betanzos, Manuel María: (se para Cunqueiro era cadete, para Manuel María é neno, pero haberá cousa máis marabillosa que un neno ¿...)

Meu viño de Betanzos...! ¡Viño neno
ao que Mendo e Mandeo arrolan sempre
para que poidas encher co teu espírito
a alegría do globo e dos Caneiros!

(A alegría do globo e dos Caneiros). En efecto, a alegría e o viño acostuman a andar xuntos. Como ten cantado Omar Khayyam, o poeta persa que máis fondamente entendeu o misterio do viño, sabedor da fugacidade do tempo e do emplazamento fatal ante o destino común, (di): “Divina estación das rosas, do viño e dos amigos sinceiros. Goza este fuxidío instante que é a vida.” (que ten o seu correalto popular no refrán galego, “ come e bebe que a vida é breve.” É o espírito do “carpe diem”, do “collige, virgo, rosas...” Canto á vida e á fugacidade do vivir, poñendo os sentidos ao servizo do

instante aproveitado plenamente, é ese fascinio pola exaltación vital, non necesariamente dionisiaca -aínda que tamén-, senón concentrada, medida, ardente; o “*joie de vivre*”, a alegría de vivir, de aproveitar os praceres que a existencia nos depara.

En definitiva, esa concepción auroral, anterior a calquera sentimento de culpa ou de pecado, afirma, amigas e amigos, exultante, a vida, o amor, a felicidade e a alegría. Concebir o mundo como un xardín ou campo aberto onde medran frores e froitos. Goce da vista, goce do ouvido e, naturalmente, gozo do olfato e do gusto cando temos diante unha copa de viño, e se é de Betanzos, mellor. Porque na vez dunha podemos tomar dúas, tres ou as que sexan, na seguranza de que non nos han facer mal. E se por acaso algun criticase a cantidade –supostamente excesiva- tomada sempre lle poderíamos apoñer aquilo: “a xente ve o que bebo, pero non ve a sede que eu teño...”

Porque o viño, e por extensión o acohol, tamén ten, e sabémolo, detractores. A súa tolerancia ou a súa prohibición, é unha cuestión cultural. Na antiga Roma os homes non podían beber viño ata os trinta anos, e as mulleres tiñano totalmente prohibido. Na sociedade actual está non só permitido, senón incluso ben visto, que homes e mulleres entendan e disfruten de viño. Os árabes, sen embargo, toleran o consumo do cannabis, pero non aceptan o viño.

Para nós o viño é un don que a natureza nos concede e que debemos consumir prudente e sabiamente. O viño acompaña as nosas vidas, as nosas xuntanzas, as nosas conversas, pero tamén as nosas angustias. Incluso foi utilizado por enfermos e condenados para facer máis levadeiro o último trance. Nun relato de Rulfo podemos ler esta frase: “denle aguardiente al condenado para que no sienta los tiros”. Non se trata de establecer a alternativa entre morrer bebendo, ou vivir sen beber, como fixo Estebanillo González e outros pícaros que se decidiron, naturalmente, pola primeira opción; non se trata tampouco de caer en extremos de autodestrución ou degradación lamentables. O que nós propoñemos é o encontro ameno, efusivo e expansivo, no que que o viño actúa como un bálsamo que suaviza as feridas que a existencia nos dá, sen pedirllas. Mesmo como un refuxio, como no verso de Kavafis: “cansado da inconstancia do mundo achei a paz dentro da miña copa...” Viños, como este de Betanzos, digno das mellores mesas e complemento ideal de moitos pratos, que levan á integración entre os homes que o elaboran -e aos que desde aquí lles expreso a miña homenaxe - e as terras que os dán, como unha filosofía vital da tolerancia, que valora o propio e o alleo, que defende a bonhomía e por que non, un certo escepticismo resignado para saber asimilar con serenidade e desapego os malos momentos e os lances malfadados da fortuna.

“Todos os reinos por unha taza de viño”, proclamou Omar Kayyam. E tería razón. Beber non como aturdimiento, senón como potenciador dos sentidos. Beber non para negar ou esquecer senón para afirmarse na dádiva, na xenerosidade, na amizade. É certo que o viño propicia excesos e trastornos cando non hai unha pauta, unha medida, unha orde axeitada, é certo que a literatura e a propia experiencia están cheas de exemplos que chegaron ao nihilismo a través da culminación goliardesca.

Pero o viño que hoxe celebramos, este viño amigo de Betanzos, é viño de calma, viño de paciencia, viño de confraternización e de alegría. Non busco, ao menos para min, a celebración dionisiaca e victoriosa, o canto báquico, o pracer anacreóntico. Busco o beber que non esquece a norma de ouro das “tres ces”, as tres cés que herdamos dos nosos maiores: calidade, calma e continuidade (non cambear de bebida).

Como pregoeiro desta edición do Viño de Betanzos, quero celebrar a fondura, a elegancia, a vitalidade e o tránsito que nos ofrece este viño excelso, como o demostran estes versos de Uxío Novoneyra, acaso os máis fermosos que se teñan escrito sobre Os Caneiros:



Alfredo Erias

Río Mandeo inorde ao son da noite.
As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas cara o infindo do mar e a noite.
Sobor das barcas: as mulleres, o viño, as viandas...
...Comemos e bebemos para a ledicia
e canto máis bebeíamos máis nos alonxabamos da morte...

(Estarán dacordo comigo, señoras e señores, que se un viño, neste caso o de Betanzos, produce ou dá lugar a versos como estes, necesariamente ten que ser bon. Reparen que sen a influencia fecundadora e xenesiaca do viño de Betanzos, Novoneyra moi probablemente non tería escrito este fermoso poema!).

Falamos do viño como percepción sensorial; quero agora referirme a el como instrumento de coñecemento. Son moitas as ideas, as reflexións, os comentarios, expresados a carón dunha cunca de viño; tamén son freceuentes confidencias e confesións que alcanzan a nosa raíz máis fonda. Xa o di o adaxio latino: “in vinum, veritas”.

Sen embargo, a exaltación é conscente do tránsito; na mesma exaltación hai tamén unha pinga de elexía. Amor á vida pero consciencia da morte; festa, pero ao mesmo tempo ausencia dos que se foron. O sacrificio está sempre presente, mesmo na liturxia, como sucede na misa.

E falando de liturxia, é lexítimo atribuírlle carácter sagrado ao viño. Porque se a auga se bendice, o viño é o único elemento, a única bebida que se consagra como encarnación viva da divinidad. Velaí, pois, que no acto de beber hai tamén unha dimensión indudable de relixiosidade, mesmo no sentido etimolóxico (re-ligare, unir, atar) e unidos estamos en amizade a carón da mesa farta onde comemos e bebemos es te viño de labio fino e celmoso. Un viño que anoa o sincretismo pagano, incluso co ramo na porta que sinala aquelas adegas que dispoñen de viño novo, como tamén ese rito comunal, nunca mellor dito, de comunión, de común unión entre todos os que á adega se achegan.

Coido que unha das características máis senlleiras do viño de Betanzos é precisamente esa fermosa tradición de acodir con empanadas, tortillas, e viandas varias que os propios comensais achegan, disfrutar dunha ben surtida mesa e trasegar xarras de viño do país, coas chanzas, risas e cánticos propios destes casos.

Tradición que se mantén de pais a fillos e que simboliza na intensidade e na concreción temporal (dura o que dura, e cando se remata acabouse), esa percepción da fugacidade do viño e da súa liturxia amizosa e compartida, como unha metáfora da existencia, un lampo de eternidade e luz entre dúas sombras.

Volto a Omar Kayyam cando di: “foxen os nosos días tan rápido como auga do río/ ou vento do deserto./ No entanto, dous días déixanme indiferente: o que pasou onte e o que virá mañá”. Vivamos e bebamos, pois, o presente na seguridade de que non vai durar máis co pasado, que todo é vertigo e fume e que descoñecemos o que o futuro nos poda deparar. Ausonio e o propio Kayyam así o recomendan: “Xa que ignoras o que te reserva o día de mañá/ procura ser feliz hoxe/. Toma unha xarra de viño, séntate ao lúar e bebe,/ lembrándote de que quizais mañá a lúa te procurará en vano...”

Distinguía Celso Emilio -e xa vou rematando- catro tipos de viños. No tocante á cor, brancos e tintos; no que atingue á calidade, bós e mellores. Para o seu padal non había viños malos, só diferentes. Claro que partía de non considerar viño todas esas purrelas, aguachirles e zupias repelonas” que cada vez menos, por fortuna, atopamos por aí.

Porque o viño é unha ambrosía, ou sexa, unha bebida celestial -que procede do ceo-, como un anticipo do Paraíso aquí na terra: por iso se ten dito – en son de broma, naturalmente- que cómpre desconfiar dos pobos que non o cultivan e das persoas que non o beben. A puxanza desta Festa do Viño de Betanzos vén demostrar o orgullo de colleiteiros e consumidores por un viño que busca a súa ubicación legal, quer como denominación de orixe, ou como viño da terra; un viño que pasou na terminoloxía emprestada que acabo de utilizar, de viño bon, a viño mellor.

Amigas e amigos, estamos de Festa. ¡ Brindo por todos e cada un de nós! Que disfrutemos con paz e alegría esta nova edición da Feira do viño de BETANZOS. “¡Comamos e bebamos para a ledicia!”

Moitas grazas.

Xulio López Valcárcel

Anuario Brigantino 2005, nº 28

15 de maio de 2005

Celebrouse a XXIV Volta á Comarca Brigantina, organizada polo Club Ciclista, que contou coa colaboración da Deputación Provincial, concellos da comarca e varias entidades privadas.



César Delgado

17 de maio de 2005

Dentro do programa de actos elaborado pola Delegación de Cultura con motivo das Letras Galegas, na Sala de Exposicións do Edificio Liceo inaugurouse a X Mostra Documental de Betanzos, “Centenario do Centro Betanzos de Bos Aires” realizada polo Arquivo Municipal. A presentación da mostra correu a cargo de D. Andrés Beade Dopico, Presidente de Honra do Centro Betanzos.



18 de maio de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra “Pallazos puros e duros, dous pallazos en apuros” pola compañía Tarabuleque. A representación foi organizada pola Delegación de Cultura e contou co patrocinio do Instituto Galego de Artes e Imaxe (Igaem).

20 de maio de 2005

Dentro do programa das Letras Galegas e organizado pola Asociación Libre de Paderne Roxín Roxal, celebrouse na Aula Municipal de Cultura a conferencia cantada “A música tradicional galega”, a cargo de Xosé Luis Rivas “Mini” e Baldomero Iglesias “Mero”.



Alfredo Enías

20 de maio de 2005

Na praza da Constitución e na rúa do Castro celebrouse o Mercado do Producte Ecolóxico de Primavera, organizado polas concellerías de Comercio e de Casco Histórico e mais polo Sindicato Labrego Galego.

23 de maio de 2005

Na Aula Municipal de Cultura representouse a obra “Os vellos non deben namorarse” de Castelao, a cargo do grupo de Maiores Caixa Galicia. O acto estivo encadrado dentro do programa das Letras Galegas elaborado pola Delegación de Cultura do Concello.

23 de maio de 2005

Con motivo da festividade de santa Rita, patroa dos funcionarios da Administración local, o alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulles insignias aos traballadores D. Isidro Bello Vaamonde, pola súa xubilación, e a D. José Ramón Vázquez Vázquez e D. Herminio Pérez Taboada, por cumprir vintecinco anos de servizo.

25 de maio de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tiveron lugar as representacións teatrais da obra “Mobi Dick” a cargo da compañía Os Quinquilláns, e de “Caricias”, polo grupo Brétema do IES As Mariñas. As representacións foron organizadas pola Delegación de Cultura do Concello.

26 de maio de 2005

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra “A pedra que arde”, a cargo de Títeres Cachirulo. A representación foi organizada pola Delegación de Cultura e contou co patrocinio da Xunta de Galicia.

26 de maio de 2005

Representáronse na Aula Municipal de Cultura as obras teatrais “Petición de man”, “Monólogos de primavera” e “Farsa das zocas” a cargo dos alumnos do IES Francisco Aguiar. A representación foi organizada pola Delegación de Cultura do Concello.

27 de maio de 2005

Dentro do programa de celebración das Letras Galegas tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do libro *Betanzos Oficina Literaria*, da que foron autores a profesora Concepción Delgado Corral e os seus alumnos do IES Francisco Aguiar de Betanzos.

28 de maio de 2005


Presentouse no Edificio Liceo o primeiro disco do grupo de música tradicional *Fiandola*, titulado *Bricania*. Este acto estivo encadrado dentro do Programa das Letras Galegas elaborado pola Delegación de Cultura.

29 de maio de 2005

Encadrado dentro do programa das letras galegas elaborado polo Concello, a Agrupación Teatral Mariñán representou na Aula de Cultura a obra “Terapia sentimental”.

30 de maio de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra “Un punki na corte” pola compañía Producións Desaqueoutradas. A representación foi organizada pola Delegación de Cultura e contou co patrocinio do Instituto Galego de Artes e Imaxe (Igaem).



30 de maio a 5 de xuño de 2005

Desenvolveuse ao longo destes días a I Semana de Turismo organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto (Acebe.cca) e o IES Francisco Aguiar a través dos profesores e alumnos do Ciclo Superior de Información e Comercialización Turística. Pretendeuse mostrar os recursos da cidade, ofrecendo diferentes actividades, tanto culturais coma mesas redondas, ata outras máis lúdicas para gozar e participar: roteiros naturais, paseos en piragua ou en lancha polo río Mandeo, degustacións gastronómicas, catas de viño, ximkanas teatralizadas de xogos históricos, teatro na rúa, etc. Contaron coa colaboración da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial e do Concello de Betanzos. O acto inaugural tivo lugar na Sala Multiusos do Edificio Liceo, e correu a cargo do Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Pita.



31 de maio de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra “Menos lobos”, da compañía Talía Teatro. A representación foi organizada pola Delegación de Cultura e contou co patrocinio da Xunta de Galicia.

3-16 de xuño de 2005

Puido contemplarse no Edificio Liceo unha exposición de fotografías de Xosé Garrido, titulada “Pequenas historias magrebís”.

6 de xuño de 2005

Na Sala de Usos Múltiples tivo lugar a presentación da VIII Semana Internacional de Cine de Betanzos, enmarcada dentro do VIII Curso de Verán da Universidade da Coruña, dedicado ao produtor Gerardo Herrero. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares, e contou coa presenza



César Delgado

do director de Servizos de Medios Audiovisuais da Universidade da Coruña e director do curso, D. José María Paz Gago; o subdirector Xeral de Telecomunicacións da Xunta, D. Enrique González; D. Vicente Iglesias, en representación de Caixa Galicia, e D^a Chelo Loureiro, en representación da produtora Continental.

19 de xuño de 2005

Celebráronse as Eleccións Autonómicas Galegas, que trouxeron un cambio de goberno á Xunta de Galicia. En Betanzos a forza máis votada foi o PP con 3.291 votos (42,7%), seguido do PSdeG-PSOE con 2.935 (38,1%), do BNG con 1.225 (15,9%) e doutras forzas con 127 (3,3%).



Alfredo Enías

Xuño de 2005

Coñeceuse pola prensa que os alumnos do IES Francisco Aguiar Laura Peteiro e Néstor Domínguez representaron a España no “Congreso Internacional de Jóvenes Investigadores” celebrado en Santiago de Chile. O traballo presentado a concurso foi o titulado “Dinosaurios, aquellas maravillosas criaturas”.

29 de xuño de 2005

Inaugurouse no Carregal o novo edificio para Centro de Saúde, substituíndo as instalacións do antigo ambulatorio da rúa Pintor Seijo Rubio. O novo centro aumentou as consultas destinadas á atención primaria e incorporou novas salas e melloras tecnolóxicas para o diagnóstico e tratamento asistencial da comarca. No acto de inauguración estiveron presentes o conselleiro de Sanidade, D. José Manuel González, o conselleiro da Presidencia, D. Jaime Pita, o alcalde, D. Manuel Lagares, e diversas personalidades.

1 de xullo de 2005

Presentouse no Edificio Liceo o programa Fest@ctiva, que estivo organizado polas concellerías de Formación e de Xuventude. Desenvolveuse desde o 15 de xullo ao 6 de agosto e con el pretendeuse mesturar diversión e formación. Incluíu talleres de malabares, taller de *clow*, de percusión africana, así como actuacións musicais.

1 de xullo de 2005

Inaugurouse no Edificio Liceo a primeira edición dos Obradoiros Jorge Saavedra, organizados conxuntamente polo CEIP Vales Villamarín e polo Concello. O seu obxectivo é iniciar os nenos na ilustración por medio de charlas e diversas actividades artísticas, en memoria do que fora profesor do colexio e artista, Jorge Saavedra. O acto de inauguración contou, entre outros, coa presenza da súa viúva e tamén mestra do colexio, D^a Carmen Vázquez cos debuxantes José Tomás e Xaquín Marín, o director do colexio, D. Francisco López, e o concelleiro de Cultura, Deportes e Educación, D. Francisco Díaz.



César Delgado



César Delgado

Xullo-agosto de 2005

Desenvolveuse ao longo destes días o Programa *Verán 2005*, elaborado pola Delegación Municipal de Educación, Cultura e Deporte. A oferta dirixida aos nenos contou con diversas actividades como talleres de psicomotricidade, plástica, música, xogos populares e mais radio e publicidade. Completouse este programa coas Noites de Cine en distintos lugares do concello.

6 de xullo de 2005

Na praza do Campo puido visitarse o autobús itinerante de divulgación ambiental que, por iniciativa da Consellería de Medio Ambiente, «Recorre Galicia».

8-10 de xullo de 2005

A Idade Media volveu un ano máis a ocupar as rúas de Betanzos, coa celebración da VIII Feira Medieval, que contou, como vén sendo habitual, cunha ampla participación de cidadáns e numerosos visitantes, que algunhas estimacións elevaron a duascentas mil persoas. As rúas da cidade, engalanadas para a ocasión, tiveron un completo programa de actividades nas que participaron arredor de mil voluntarios.

A feira deu comezo coa inauguración do alcalde, D. Manuel Lagares, e coa lectura do pregón a cargo do historiador e arquivista de Narón, D. Andrés Pena Graña.



César Delgado

PREGÓN DA VIII FEIRA FRANCA MEDIEVAL

No nome de Deus e do Rei Don Enrique IV de Gallica et Leom et Castella, etc., amén. Este he Pregón aos Betançeiros que celebran Feira Franca de Xoan Branco notario da Çidade de Betanços, alcalde principal da Irmandade do Reino de Gallica, et ante don Gonçalo de Cisneros notario rayal, desd' este balcom da Praça do Castro et na Rua Travessa de Betanços.

Hoxe, oytro dias andados do mes de abril do anno do nasçemento de noso señor Iheu Xpo de mill et queatroçentos et sessenta et oytro annos, os betançeiros celebramos como homes livres unha feira franca et o fin que será de moitos anos de forçamentos et espechamentos. Máis de todos sabido é, como cousa pública et notoria, que çertos ricoshomes et cabaleiros et escudeyros, sen raçon et sen dereyto, ocupan et toman os nossos lugares, et aldeas, et os omes de Betanços et da Crunna et de Ferrol, et mays logares do Regno de Gallica, en nome de encomenda, levando deles diñeyros, et pan, et fasenos yr servir polos nossos corpos, assy en labouras commo de castelos et fortalezas, que fannos en todo servidume, aproveitándose de nos coma se foramoss os seus vassalos esentos, solaregos et moito máis, e nos toman pididos et serviços de bacas et de carneiros et de binos et de cevada et outras cousas. alçemos o pendom.

Este Reyno de Galliça, et a Çidade de Betanzos et terras das Mariñas, sofren muitos malfeitores, et ladróns, et perssoas de mal viver, que nos rouban nos camiños, et nos façen moitas forças, roubos, et rescates, et mortes de hmes et mulleres. Et os veçiños de Betanzos, non ousamos leixar a nosa Çidade e ir cavar nas nosas viñas, et traballar nas labours das nosas façendas, sin sairmos, des, quince ou vinte de nos xuntos, et todos nos vamos armados das nosas lanças et guaridos dos nossos escudos –coma cando os nosos paus andaban á hoste contra o mouro de Xahén, ou os nosos avós na batalla de Cabo Tarifa (que vençeran ao poderoso Albufazen, Rey de Benemarin, de Fez Tremezen e Maroccos)-, e ainda para sairmos fora da çidade temos que ter espyas, para vermos si algúns dos malfeitores veñen contra nos. alçemos o pendom

Et assi, día a día, oimos os laios de moitos lavradores que os ditos ladróns et malfeitores destas nosas terras et bisbarras, nos forças, et nos rouban as fazendas que temos. Et todos sabemos como os ditos ladróns se acollen cós cabaleiros et señores, que ata agora hay na nosa terra, et se amparan nas súas fortalezas, et delas saen a nos façer os ditos dapnos et roubos, et mortes, et espechamentos et arrançomnetnos de omes et de mulleres. Et tomaron as casas onde vivíamos os do alfoz desta çidade, et boraronnos fora delas, et fixeronosir buscar outras casas a outras partes. Et os ditos malfeitores fican por forza nelas, queimandonos as taboas et madeiras. alçemos o pendom

Et deçeparom et cortaron as nosas vinnas et romperonnos os seus muros e pechaduras delas. Et tēnenos tamén talado et deçepado os montes, et tomaron por forza os barcos aos mariñeiros de Betanzos, et fan aos seus patróns ir con eles para o seu servizo, et para carrexar pedras para façer os castelos, et as pontes et obras deles. Et levan os ditos ladróns et malfeitores o trigo que nos rouban nas nossas dornas, et nos fillaron tamén os barcos et grandes naos, et cocas et carabelas. Et por termos pescadores et mercaderes et lavradores a mayor parte dos veçiños desta Çidade de Betanzos, et non termos outros tratos, nin oficios de que sustentarmos, non podemos yr pescar et ir vendelo peixe ou o viño, nos portos de Anglaterra et Barcelona, et Maiorca, para nos sustentar, a nos et as nosas mulleres et fillos et máis xente das nosas casas. alçemos o pendom

Et por mor dos grandes dapnos destes malfeitores et ladróns moitos dos nosos veçiños sairon, et ausentáronse, et ausentanse cada día da nosa Çidade de Betanços et do Regno de Galliça. Polos



Alfredo Erias



Alfredo Erias

moytos dapnos que temos rescebido et rescebemos, por nos ter ditos malfeitores derrubado as nosas casas, et façendas et levado o que tiñamos, et polos espechamentos et rescates que nos fan. Et moitos dos nosos vesiños fóronse vivir a outras partes, et o pais fica hermo, et na nosa Çidade de Betanzos, nos barrios onde solía haber máis de catroçentos e cincuenta vecinos, et ao pe de qinientos, et todos ricos et façendados, non ficamos agora senón treçentos, et todos andamos probes et necesitados, que non temos persoa ríca na çidade, nin quen nela teña abondo para o seu mantemento, et para o mantemento da xente da súa casa, senon son nove ou des homes, que levan boa facenda et os demais sisténtamonos polo noso traballo que xa non temos. por todo, veciños desta vila de Betanços seguíusenos et síguesenos unha perda de máis de trinta mil ducados. Algún día esta débada será histórica. alçemos o pendom

Et nos, cadno hay des, ou vint anos, tiñamos no alfoz da çidade, cabo da Rybeira do Mendo, como é púbrio et notorio, máis de catro mil xornáis de viña, que eran todas dos veciños et moradores dela, etcolliamos un ano con outro máis de seisçentas pipas de viño, agora coas desfeitas dos malfeitores cabo dessa ribeira, noon nos quedarán máis ao presente, vinte et çinco xornáis de viña. Et en esto somentes, os vesiños de Betanços temos rescebido de dapno et perdido máis de vinte mil ducados, comma cousa çerta et tassada, porque as nosas videiras eran todas de baçelo, et estaban postas acima de moita madeira, et non se poden poñer de novo de madeira, de baçelos et de videira, coma primeiro estaban, cos ditos vinte mil ducados, por termos mester para elo de grande cantidade de madeira et de traballo. alçemos o pendom Et eu. Joham Blanco, voso notario et alcalde de Betanzos dou fé, que como agora o estamos, teño coma cousa çerta et cabal que os vesiños da Çidade ficamos moi pobres et neçesitados, et non poderemos edificalas nosas casas como de primeiro as tiñamos, nin poderemos voltar a chantar as nosas viña et hortas et cortiñas et pechallas coma antes, nin restaurarmonos dos danos et agravios que temos rescebido. alçemos o pendom

Outrossy, eu Johan Blanco notario et alcalde da Hirmandade pola Çidade de Betanzos, porque o Rey don Enrique, perante o notario real desta Çidade don Golçalvo Çisneros, deume proviçom deste thenor:

Conosuda cousa seia a cantos viren et ouviren, este privilexio con selo de chumbo impendentedo rey dom Enrique que teño na mán et amosso, commo tódolos vecinos et homes et mulleres de

Betanzos, moradores e pobradores da cidade e do seu alfoz, son todos livres fillosdalgo notorios de pai e de avó dende máis de cent anos a esta parte que memoria de omes non é en contrario, et que estades en iur e pusiçión esentos et livres de pagar moedas, nen outros peches nin ao xudeu Mosén Samuel Lapapa, arrabiado mayor et arrendador das rentas do conde Fernán Pérez D´Andrade, nin a outro ou outros cabaleiros et arrendadores no seu nome. alçemos o pendom.

Et o rei don Enrique deu et outorgou tamén esta Feira Franca á Cidade de Betanços qie hoxe abrimos, a onde un mes en cada un ano, desd´hoxe en adiante acodirán moitos mercaderes de tódas partes, de Frisia, de Flandes, de Anglaterra, de Gaula et de Castela, a vender libremente, forros de todo peche et de tributo et de alcabala, moytas mercaderías. Et non se podría voltar a se pobrar a nosa Cidade de Betanços de vesiños, como de primeiro estaba, et botar dela os malfeitores et ladróns, de non termos hoxe este mercado et feira frana que o rey noso señor don Enrique nos da et otorga con tal preyto e condiçom: a saber que os visiños botem fora da cidade et do reino de Galliça aos mafeytores. alçemos o pendom.

Et desto redundara moito proveito para a nosa Cidade et visiños dela, porque os sitios, et as casas, que agra temos caídas et non as podemos levantar a nosa costa, por estarmos probes et espechados, vindo mercaderes a este mercado et feira franca as levarán á súa costa, porque llas leixemos sin aluger polo tempo que dura esta feira. Et non empeesça que faséndonos merçede tamén o Rei Noso Señor algun día fagamos pagar os ditos danos et espechamentos aos malfeitores. Et pagarán. Vaia si pagarán alçemos o pendom.

Yttem vos digo, coa boca pequena, que ainda que nos non quixo çeder o seu quiñon do Campo das Redes desta Cidade para fasermos esta Feira Franca, máis que polas suas boas dobras desta moeda corrente do rei don Enrique, que, como esçeçom, premitimos que nesta Feira Franca de Betanços cobre alugueres o arrabiado maior Mosém Samuel Lapapá O Vello, xudeu, arrendador das rendas polo conde don Fernán Péres D´Andrade, et como graça et amosamento de que nos non lle somos rancurosos, et que somos de boa vesityança, assy mando oferesçer de vianda, ao sobredito arrabiado mayor, Mosém Lapapá, xudeu, para que a vista de nos todos poida probar, et tomar, et comer, et cunsumir, et probe, et tome, et coma et cunsuma dela, todos cantos rixóns, liscos, lacóns, cacholas, orellas et chourizos, et calqueira outra parte do porco entre o rabo et o fouciño, et delo, todo canto lle apetecer probar, et tomar, et comer, et cunsumir, et houber meester, et esto fasémolo con gratuidade et con franquessa da Cidade, para él et para tódolos seus fillos et fillas, et neptos et neptas, et socios de Israel, et en todos et cada hun dos postos de comida desta grande Feira Franca de Betanzos. Et ista franquessa vaia coma testemuña do amor et do afeto do Reyno de Galliça aos fillos do pobo elegido por Iheu Xpo noso Señor para redempçom da humanidade et pola pustura que nos fixo do aluguer do Campo das Redes, onde os mariñeiros de Betanzos acostumam lavar as redes et enxogar. alçemos o pendom.

Por todo isto, nos, bem provystos das cousas a esta feira franca perteesçentes do comercio, et millor avindos ainda coas cousas do beberçio, cando remate esta Feira Franca, non marchemos ás nosas casas sen ter rematado cos abusos et cos espechamentos do tyrano. Et mando que nos axuntemos et façamos hirmandade et hirmandemos a nosa Cidade de Betanços coa Cidade da Crunna, et cas xentes das villas da Ponte D´Eume, et de Ferrol, et coa Terra destas Mariñas para, coma Irmandiños, cambiar as cousas et castigar aos malfeitores. alçemos o pendom.

Galegos que hoxe qoncorrides a esta feira franca, folgade, comede, bebede, e facede provyçón... pois axiña ao son da campá tanxida do convento de Sant Françisco, cando esta feira Franca de Betanços que agora abrimos remate, ergeitos todos, nos axuntaremos cço pendçom do reino de



Alfredo Erias

Galliça que é o Sancto Graal de Nosso Señor, et có resto dos Irmandiños das outras cidades, povos et terras deste Reino de Galliça, de consún, sairemos desta Çidade de Betanços, a derrocar o Castelo de Porras que está a media legua aquí. alçemos o pendom.

Et logo sairemos a derrubar o de Motrín, ámbos et dous, de Fernán Pérez de Andrade, et a tirar as torres e castelos de vilalba et Narió, et, a fortaleza principal de Andrade da Ponte D'Eume, máis non a derrocamos toda, porque é antiga aleçemos o pendom Et deitaremos no chan os castelos de Gómez Sánchez das mariñas Et o castelo de Çillobre de Gómez Pérez, et a torre de San Martiño de Ares Vazquez de Parga onde iaz a banda de ladróns que nos rouba os bois et as vacas. Et o faremos así en todo o reino coa axuda de Deus et da virxe María Amén. ABAIXO A TIRANÍA DE FERNÁN PÉRES D'ANDARADE! alçemos o pendom



Alfredo Erias

Et eu, Joham Branco notario da Çidade de Betanços ennome do rei don Enrique IV de Galliça; de Leon, de Castela, e de outros moitos mais reinos, e ante don Gonçalo de Cisneros tamén notario do Concello da Cidade de Betanzos, mando dende este balcom da Praça do Castro e na rúa Travessa esta provisom có seu selo impendente de chumbo ao dito Señor pertenseçnte, para que coma Hirmandiños loitemos et nos esforçemos polo cambio et polo fin da corrupción. lçemos o pendom Et polo bem, quietude et bom reparamento do Reino de Gallia, et polo común, et en boz et nome do dito señor Rey don Enrique proclamamos a dita hirmandade Et fasemos nosos deputados et alcaldes da dita hirmandade con vara de xustiza pintanda con setas et organizarmos cadrileiros. alçemos o pendom.

Et todos atendede que este prevylexo sexa gardado, et comprido, et o fagades gardar, et comprir, en todo et por todo, segundo nel se contén, et contra o tenor et forma del non vaiades, nin consintades yr, nin pasar, nin contradisser. et non fagades ende al, sob pena de des mill maravidis, a cada un, et calquer de vos que o controfesere, et feserdes, para a arqa xeral da onsa Santa Hirmandade. Vivao Regno Galiza, Viva a Çidade de Betanzos, Viva a Feira Franca. Fora os malfetores da nosa terra. alçemos o pendom.

¡Irmandiños! Berrade conosco cada ves que alçemos o Pendom de Galliça.

Andrés Pena Graña

11 de xullo de 2005

A partir deste día os betanceiros que o necesiten poden consultar o catastro e obter certificados nas oficinas municipais, no denominado Punto de Información Catastral. O alcalde, D. Manuel Lagares, e o director xeral do Catastro, D. Jesús Miranda Hita, presentaron nas oficinas do Liceo este novo servico.

15 de xullo-6 de agosto de 2005

Desenvolveuse nestes días o programa “Fest@ctiva” organizado pola Concellería de Xuventude do concello. Incluíu actuacións, obradoiros, taller de malabares e de teatro.

17-30 de xullo de 2005

Desenvolveuse na praza do Campo a Feira dos Continentes, na que se comerciou con produtos tradicionais doutros países. A Feira deu que falar aos comerciantes da cidade.

19 de xullo de 2005

No Edificio Liceo foron recibidos polo alcalde, D. Manuel Lagares, e varios concelleiros, un grupo de nenos saharauís que viñeron pasar este verán con familias betanceiras.

25 de xullo de 2005

No Día de Galicia, tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal no cruceiro da Cruz Verde a todos os que deron a vida por Galicia. O acto, que contou coa presenza de varios concelleiros, estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares.

25 de xullo de 2005

Na praza da Constitución tivo lugar o espectáculo «The Soul of New Orleans». A organización foi de Caixa Nova, da Deputación da Coruña e do propio Concello.



César Delgado

27-30 de xullo de 2005

Ao longo destes días desenvolveuse a VIII Semana Internacional de Cine de Betanzos, que estivo dedicada ao produtor Gerardo Herrero. Enmarcouse no VIII Curso de Verán organizado pola Universidade da Coruña, en colaboración co Concello. O evento contou coa participación de diversos profesionais relacionados co mundo do cine: a escritora Belén Ruiz de Gopegui, o crítico Manuel Sande, os actores Roberto Enríquez, María Bouzas e Cuca Escribano, o produtor Pancho Casal, o realizador Salvador García e varios actores da película “Heroína”, así como o mesmo Gerardo Herrero.

Xullo de 2005

En cumprimento dos acordos dos grupos do Goberno municipal o concelleiro D. Andrés Otero substituíu como primeiro tenente de alcalde a D. Francisco Díaz, que o viña desempeñando ata este momento.

Agosto de 2005


O Concello, a través da Concellería de Comercio, facilitoulles mesas e parasoles aos vendedores do mercado, unha medida de modernidade que reverte nunha maior comodidade nas transaccións e nunha mellor hixiene.

Agosto de 2005

Comezou a funcionar no Concello o Servizo de Normalización Lingüística, asignado á Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística da edil Dª Concepción Valladares. Está dirixido por Dª Mónica Martínez Baleirón.

1-13 de agosto de 2005

Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo puido contemplarse estes días unha exposición de xilografías do artista betanceiro José Valentín Díaz.



4 de agosto de 2005

O alcalde, D. Manuel Lagares, e a concelleira de Festas, D^a María Beatriz Gómez, presentaron no Edificio Liceo o Programa de Festas de San Roque. Á parte dos números tradicionais, este ano contou con novidades como a actuación de Jorge Drexler, recentemente gañador dun óscar, e co grupo catalán “Los Elefantes”. Tamén hai que salientar o espectáculo titulado “Flautasía”, do betanceiro Dani López. En total o orzamento ascendeu a 180.000 euros.

Agosto de 2005


Deuse a coñecer pola prensa que o casco histórico de Betanzos foi incluído no programa europeo “Pagus-Interreg” (Programa de asistencia e xestión urbana sostible) que está financiado pola Comisión Europea.

3 de agosto de 2005

O alcalde, D. Manuel Lagares, achegouse a Tiobre para felicitar a D^a María del Carmen Casanova, que celebrou o seu 101º aniversario rodeada da súa familia.

5 de agosto de 2005

Na praza da Constitución celebrouse o Mercado do Produto Ecolóxico de Verán, organizado pola concellería de Comercio e Desenvolvemento Local, pola de Casco Histórico e polo Sindicato Labrego Galego.



6 de agosto de 2005

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto de arpa celta a cargo de José Maquieira, que foi patrocinado por Caixanova, pola Deputación da Coruña e polo Concello.

12-14 de agosto de 2005

Celebrouse o Campionato do Mundo junior de Ciclismo, no que participou a moza ciclista brigantina Lucía Gato, que formou parte do equipo nacional.

Agosto de 2005

Instaláronse paneis informativos nos lugares de interese e nos edificios máis emblemáticos da cidade, tentando aproximar a riqueza monumental de Betanzos aos cidadáns e visitantes. Tomou esta medida a concellería de Urbanismo e Casco Histórico.

12 de agosto de 2005

Organizado pola Concellería de Cultura, tivo lugar no Convento de San Francisco o «Concerto Cidade de Betanzos», coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Banda Municipal de Música e Coral Polifónica de Betanzos.

14 de agosto de 2005

Na praza da Constitución, o alcalde, D. Manuel Lagares, coroou a Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina, Laura María Varela Lendoiro. Seguidamente, desde o balcón da Casa do Concello tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do actor Fernando Guillén. Logo, despois do Garelazo e da solta de pombas, houbo unha recepción para as autoridades e personalidades invitadas.



Arume

PREGÓN DAS FESTAS

Hace ahora exactamente cuatro años, en 2001, vine por primera vez a esta maravillosa ciudad monumental, Betanzos, y quedé enamorado de sus calles y sus plazas, de sus gentes y de su atmósfera festiva, de sus tradiciones de origen medieval y también de su realidad actual.

Mi primera visita a Betanzos tuvo ya una motivación cinematográfica, pues vine aquí para participar en la *IV Semana Internacional de Cine de Betanzos*, dedicada a mi buen amigo el director José Luis Garcí, en compañía de tantos amigos del mundo del cine como Luis María Delgado, Jiménez-Rico, Juan Cobos o el inolvidable Agustín González, que nos dejó recientemente.

Como no podía ser de otra manera, quiero evocar en este Pregón de las Fiestas de San Roque 2005, el pasado y el presente cinematográfico de Betanzos, pues la primera capital del Antiguo Reino de Galicia ha sido protagonista de algunos importantes capítulos de la historia del Séptimo Arte en España.

Justamente, el acto central de estas fiestas patronales vuestras, el lanzamiento del célebre Globo de Betanzos, está muy relacionado con Claudino Pita, incansable promotor de espectáculos precinematográficos ya desde el último cuarto del siglo XIX y fundador del cine en activo más antiguo de nuestro país, el Alfonsetti.

Este entusiasta fabricante de globos y faroles, iluminador de ferias y fiestas a lo largo y ancho de la Península, proyccionista de siluetas y sombras chinescas desde las últimas décadas del siglo antepasado, traerá el cinematógrafo Lumière a su teatro Alfonsetti en 1901, iniciando esta historia de amor entre vuestra ciudad y el mundo del celuloide, historia que ahora ha encontrado una prometedora continuidad en la *Semana Internacional de Cine de Betanzos*, cita obligada del cine español desde hace casi una década.

También el hermoso edificio del Archivo del Antiguo Reino de Galicia, donde se celebra este Festival de Cine que me trajo a mí y a tantas personalidades del cine español por primera vez hasta Betanzos, fue sede de innumerables proyecciones precinematográficas y del Teatro Gran Cine Brigantino, a partir de 1914.



César Delgado



César Delgado

Estas calles y estas plazas, iglesias y conventos, rincones y edificios que tanto me impresionaron, no podrían pasar desapercibidos a los ojos de las gentes del cine. Por su bella configuración urbana, por el encanto de su entorno, por las huellas medievales que le dan ese especial atractivo visual, esta ciudad no podía dejar de convertirse en un verdadero “plateau” de cine, en una privilegiada localización cinematográfica ya desde los años veinte.

En Betanzos se rodaron en 1924 algunas secuencias de *La Casa de La Troya*, dirigida por el propio Alejandro Pérez Lugín. Y esa tradición se mantiene hoy en plena vigencia. No tenemos más que recordar los rodajes de *Finisterre*, de Xabier de Villaverde, con el que por cierto trabajé en su primera película, *Continental*; y la grabación de la serie *As Leis de Celavella*, o las ya anunciadas *Abrígame*, de Alfredo Costafreda, con guión de Fernando Castet, que pronto iniciará la productora Continental; y *Mía Sara*, que dirigirá Gustavo Run y producirá Formato Producciones.

Pero, sobre todo, en Betanzos nació Ricardo Núñez, una de las personalidades más excitantes de toda la historia del cine español: exhibidor, actor, director y, fundamentalmente, productor. Él descubrió a Florián Rey y a Benito Perojo, los dos directores más importantes de los años 20 y 30 y, por ejemplo, a Imperio Argentina, la que fue la primera gran estrella del cine español, en una película mítica: *La hermana San Sulpicio*, en la que él, su productor, también tuvo un gran éxito como actor.

Pero si en los años 30 Ricardo Núñez fue el productor más importante de nuestro cine, otro gallego, Julio Fernández, es también el productor más importante del cine español en nuestros días. Y lo mismo puedo decir de los técnicos, de los actores y de los directores gallegos actuales. Porque el cine gallego está más vivo que nunca. Sus actores (Tosar, Pujalte, Manquiña, etc.) triunfan en Galicia y en España. Y las dos mejores películas son *Los lunes al sol* y *Mar adentro* rodadas aquí, contándonos problemas de nuestra tierra, con la colaboración inestimable de un gran número de actores y técnicos gallegos.

Por eso creo que con toda esa historia y, sobre todo, con su presente y su indudable futuro, el cine en Galicia se merece, es más, tiene derecho a exigir un gran festival de cine como el de San Sebastián, Valladolid, Málaga, Huelva o Sitges. Y la Semana Internacional de Cine de Betanzos, debe ser ese gran festival, por sus ya 10 años de experiencia, por el talento y dedicación de sus organizadores y, sobre todo, porque Betanzos, por su situación geográfica, por su belleza y por su tradición cinematográfica se lo merece.

Y nada más ... con el deseo de que esta breve historia cinematográfica de Betanzos, que he perfilado brevemente en esta noche festiva, tenga continuidad fecunda a través de su Festival y de sus rodajes, de los jóvenes talentos que ya están surgiendo aquí y de vuestro entusiasmo por el Séptimo Arte, os deseo unos magníficos e inolvidables días de Fiestas Patronales en este San Roque 2005.

Fernando Guillén

15 de agosto de 2005

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Antía Soto López, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Lourdes Beltrán Nogueira leu o pregón infantil.



César Delgado



César Delgado

FUNCIÓN DO VOTO (16 de agosto)

Señor san Roque

Ao presentarme de novo diante de Tí, para renovar unha tradición que o pobo betanceiro che dedica dende hai máis de cinco séculos, quero testemuñarche o agradecemento pola Túa axuda e protección. Os pobos bos e xenerosos son aqueles que recordan e testemuñan a quen, en momentos tristes e difíciles, os auxiliaron coma Tí, que soubeches axudarnos cando a peste, a enfermidade e a angustia debilitaban a nosa condición humana e nos facían máis vulnerables no noso percorrer por este tránsito mundano.

O pobo betanceiro sempre tivo o recoñecemento, a xenerosidade e a solidariedade como elementos de distinción. Para corroboralo están un importante número de persoeiros, entre os que Tí te encontras e que, en cada século tiveron dignos representantes. No século pasado fíxose ostensible, entre outros moitos, polos irmáns García Naveira, personaxes de condición humilde, emigrantes en Buenos Aires, que quixeron dignificar aos seus concidadáns e crearon escolas, asilos, lavadoiros e fixeron obras sociais para mellorar a condición humana de moitos betanceiros. Fai que eses sinais de distinción continúen e que poidamos demostralas con todas aquelas persoas que hoxe fan a viaxe de volta para establecerse aquí e que necesitan cariño, respecto e integración con todos nós. Non deixes de man os nosos mozos e que esas lacras modernas que os perseguen, as drogas, o consumismo e os luctuosos accidentes, especialmente nas fins de semana, que enchen de dor as súas familias e amigos, deixen de producirse.

Remata con todas as guerras do mundo e tenta que a paz e a fraternidade se antepoñan á envexa e ao rencor. Non te esquezas das persoas maiores que axudaron a construír o



Leonor Sánchez

mundo do que hoxe gozamos, nin de todos aqueles que sofren os problemas do paro, da marxinação social, da persecución por defender intereses políticos ou relixiosos e permite que se constrúa un mundo de dereitos para todos e no que as diferenzas tan grandes que existen na actualidade, desaparezan.

Estimula a serenidade, o respecto e a tolerancia coas persoas e impide que o terrorismo, que nos últimos anos quebrou a sociedade en múltiples lugares, como Londres e Madrid, non se volva repetir.

Galicia acaba de nomear un novo goberno. Ilumínao igual ca a todos os betanceiros e galegos, para encontrar as mellores solucións para conseguir o ben común.

Señor san Roque: como magnífico protector de todos os betanceiros e galegos, sei que intercederás por nós e que teremos a túa espiritual presenza en todos os momentos difíciles para socorrernos e iluminarnos.

Moitas grazas.

Manuel Lagares Pérez

Alcalde de Betanzos



Alfredo Enías

16 de agosto de 2005

Como todos os anos, ás 12 da noite, saíu da torre de San Domingos o globo de San Roque, que realiza a familia Pita desde o s. XIX. O globo ascendeu ao ceo de Betanzos para admiración do numeroso público asistente. Este ano a ruta seguida foi para terras de Bergantiños, caendo nunha parroquia da Laracha.

17 de agosto de 2005

O alcalde, D. Manuel Lagares, foi recibido polo presidente da Xunta de Galicia, D. Emilio Pérez Touriño. Na xuntanza tratáronse temas relativos ás melloras necesarias na nosa vila.



La Voz de Galicia: Álvaro Ballesteros



César Delgado

18 e 25 de agosto de 2005

Como é tradicional foron moitas as persoas que subiron río arriba polo Mandeo ata chegar ao campo dos Caneiros para gozar desta singular romaría. Un tema preocupante foi o da seguridade, polo que se editaron folletos con recomendacións, así como un amplo dispositivo.

21 de agosto de 2005

O Betanzos C.F. gañou a Copa Deputación de Fútbol, tendo como rival na final ao C.F. Boiro, a quen gañou por tres goles a cero no Campo de Fútbol Municipal de Bembibre.



César Delgado

30 de agosto de 2005

O equipo de Fútbol do Betanzos foi recibido polo alcalde, D. Manuel Lagares, e o concelleiro de Deportes, D. Francisco Díaz, no Edificio Liceo, logo da consecución do Campionato da Copa Deputación.

3 de setembro de 2005

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por José Miguel Pérez Sierra. A organización correu a cargo da Delegación de Cultura do Concello que contou coa colaboración da Deputación provincial.

8 de setembro de 2005

Varios milleiros de persoas achegáronse ao santuario dos Remedios para celebrar a tradicional romaría.

Setembro de 2005


Coñeceuse pola prensa que a betanceira Sara Seoane gañara un Concurso Internacional para músicos mozos en Tarragona. Sara é integrante da Banda Municipal, onde toca o saxofón.

9 de setembro de 2005

O tenente de alcalde, D. Andrés Otero Botana, e o concelleiro de Urbanismo e Casco Histórico, D. Xabier López, foron recibidos pola conselleira de Vivenda, D^a Teresa Táboas. O obxectivo da xuntanza, entre outros, foi o de aumentar a contía das axudas para a rehabilitación de vivendas no casco histórico.

18 de setembro de 2005

O tradicional globo de papel de Guiliade sucou os ceos. A elevación do globo é o acto central das festas das Dolores.



Alfredo Erias



19 de setembro de 2005

Os alcaldes de Paderne, D. César Longo, e de Betanzos, D. Manuel Lagares, presentaron as xornadas de *raids*. Foi unha mestura de deporte e cultura, que se desenvolveu estes días nos concellos de Betanzos, A Capela, Miño e Paderne, e que contou coa colaboración da Deputación da Coruña.

26 de setembro de 2005

A Delegación de Cultura do Concello presentou a nova programación das escolas municipais de artes plásticas, teatro e folclore para o curso 2005-2006.

Setembro de 2005

As rúas de Betanzos serviron como escenario cinematográfico para a película “Mia Sarah”, do director Gustavo Ron. Nela participaron caras moi coñecidas polo público como Verónica Sánchez, Daniel Guzmán, Manuel Lozano ou Víctor Mosqueira entre outros.

Setembro de 2005

Comezaron neste mes os traballos de restauración do retablo da igrexa de Santiago, unha das obras artísticas máis salientables do noso patrimonio, do que foi autor Cornelius de Holanda no s. XVI. As obras de restauración acometidas pola Xunta de Galicia inclúen a restauración das imaxes e da artística verxa de ferro.



César Delgado

29 de setembro de 2005

Na Sala Capitular do Concello presentouse o nº 27 do *Anuario Brigantino*. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares, a quen acompañaban o presidente da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación Provincial, D. Celestino Poza, diversos membros da Corporación Municipal, entre eles o delegado de Cultura, D. Francisco Díaz, así como o director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do brigantino e membro do Comité Científico do propio *Anuario*, D. Manuel Ares Faraldo.

4-10 de outubro de 2005

O Consorcio das Mariñas e a compañía Chachakuüm organizaron para estes días o I Festival Internacional de Títeres, que se celebrou nos distintos concellos integrados no consorcio.

6 de outubro de 2005

Estivo de visita oficial na cidade a delegada provincial da Consellería de Cultura, D^a Milagros Lantes, quen visitou varios monumentos en compañía do alcalde, D. Manuel Lagares, e varios concelleiros.

7 de outubro de 2005

Faleceu neste día D. Antonio Míguez Rodríguez, doutor en Filosofía e Letras pola Universidade Central de Madrid e catedrático de Lingua e Literatura Española. Foi profesor en Talavera de la Reina e, logo, profesor auxiliar da Cátedra de Santiago Montero Díaz, en Madrid. En 1952 trasladouse como profesor a Betanzos no Instituto Francisco Aguiar onde exerceu a docencia ata a súa xubilación. Foi habitual colaborador e membro do Comité Científico do *Anuario Brigantino*, onde o botaremos moito de menos. Agarimos e lembranzas para el e para a súa familia.



Alfredo Erias

Outubro de 2005

Leváronse a cabo neste mes labores de limpeza da canle do río Mendo a cargo de Augas de Galicia. O obxectivo foi minimizar os efectos das chuvias do inverno, para evitar no posible as frecuentes enchentes da zona.

17-23 de outubro de 2005

No Edificio Liceo instalouse estes días un rastrillo por parte da agrupación relixiosa Franciscanas Misioneras de María, con obxectivo de recadar fondos para a adquisición de medicinas e alimentos para Senegal e Mauritania.

18 de outubro de 2005

A conselleira de Sanidade, D^a María José Rubio mantivo unha xuntanza co alcalde, D. Manuel Lagares, que actuou en calidade de vicepresidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, no Edificio Liceo.



César Delgado

22 de outubro de 2005

As betanceiras nadas no 1955 celebraron o seu 50º aniversario cunha misa e unha comida.

26 de outubro-3 de novembro de 2005


Puido visitarse no Edificio Liceo unha exposición literaria sobre Cervantes con motivo do cuarto centenario da publicación de “El Quijote”. A mostra foi organizada pola Delegación de Cultura do Concello.

28 de outubro de 2005

Realizouse estes días un curso teórico-práctico sobre “Actividade Física e Deporte” no que participaron destacados deportistas como o campión do mundo e de Europa de triatlón, Iván Raña, e o corredor coruñés, Andrés Díaz.

31 de outubro -13 de novembro de 2005

Tivo lugar no Edificio Liceo unha exposición sobre as mulleres asasinadas en Ciudad Juárez “Nin1+”. Esta mostra foi acompañada da proxección dun documental dirixido por Lourdes Portillo, “Señorita Extraviada”. A mostra enmarcouse dentro das actividades organizadas con motivo do Día contra a Violencia de Xénero pola Concellería de Servizos Sociais e pola “Marcha Mundial das Mulleres. Coordinadora Comarcal da Coruña”.



1 de novembro de 2005

Faleceu este día D. Antonio Noguerol Otero, home bo e xeneroso, colaborador permanente do Concello e das súas institucións culturais. Lembrámolo con agarimo.

1 de novembro de 2005

Celebrouse a tradicional feira de Santos, á que asistiu numeroso público e na que, como é tradicional, se mercaron gran cantidade de castañas e flores. Este ano as forzas de seguridade impediron a comercialización de aves debido á gripe aviaria.

2 de novembro de 2005

Representantes dos tres grupos políticos que conforman a Corporación Municipal asistiron no cemiterio de Betanzos á tradicional ofrenda de Defuntos. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares.

6 de novembro de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha representación teatral da compañía Volta e Dalle, titulada “Jalisia, ¡mi madriña!”.

Novembro de 2005

Os alumnos do IES Francisco Aguiar de Betanzos, Laura Peteiro e Nestor Domínguez representaron a España na *Semana Europea da Ciencia* na cidade de Bratislava. O traballo que realizaron versou sobre un aspecto da cultura popular centrado nos batáns.

Novembro de 2005

Rematouse de restaurar o altar barroco da igrexa de Piadela, traballo que realizou o restaurador Juan Fernández. As obras foron financiadas pola Fundación Comarcal e polo Concello dentro do programa de recuperación do patrimonio histórico-artístico.

7 de novembro de 2005

Constituíuse o Consello da Mocidade de Betanzos, un órgano consultivo co que o Concello pretende que a participación dos mozos na toma de decisións políticas e presupostarias sexa maior en temas que lles afecten. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares, e pola concelleira de Xuventude e Normalización Lingüística, D^a Concepción Valladares.

Novembro de 2005

O escritor Xabier López estreouse na literatura infantil coa obra *A vella quenlla perde os dentes*, publicado en Ed. Rodeira. No mesmo mes saíu do prelo o relato «Ollos verdes / Ojos verdes» na publicación colectiva e multilingüe *Trece por docena*, editado pola editorial madrileña Caballo de Troya.

8 de novembro de 2005

Presentouse no Edificio Liceo o “Plan Estratéxico da Provincia da Coruña. 2004-2013”, elaborado pola Deputación Provincial en colaboración con Caixa Galicia e as universidades de Santiago e da Coruña. O acto reuniu aos representantes municipais da comarca, e as análises e obxectivos foron explicados polo Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda, e polo vicepresidente, D. Xaime Bello.



Alfredo Erias



César Delgado



La Voz de Galicia

9 de novembro de 2005

Visitou a nosa cidade a directora xeral de Vivenda, D^a Encarna Otero, co obxectivo de comprobar os avances e ver as necesidades da recuperación do casco histórico. Estivo acompañada polo alcalde, D. Manuel Lagares, polo 1^o tenente de alcalde, D. Andrés Otero, e polo concelleiro de Urbanismo e Casco Histórico, D. Xabier López.

10 de novembro de 2005

A Xunta Directiva do Club Ciclista presidida polo seu presidente, D. José Roel foi recibida na Sala Capitular do Concello polo alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado por varios concelleiros. O motivo desta homenaxe foi a celebración do XXV aniversario da creación do club.

14 de novembro de 2005

A delegada provincial de Traballo, D^a María Debén, e o alcalde, D. Manuel Lagares, asinaron no Edificio Liceo a concesión por parte da Xunta de Galicia dun Obradoiro de Emprego para sectores de albanelería, carpintería e electricidade. Os cursos orientáronse á recuperación e rehabilitación do edificio do antigo Matadoiro. Na sinatura do convenio estivo presente o concelleiro de Emprego, D. Andrés Otero Botana.

15 de novembro de 2005

O presidente da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación Provincial, D. Celestino Poza, visitou as obras de rehabilitación da igrexa de Santiago, acompañado do concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz, e do cura-párroco de Santiago, D. Manuel Rodríguez.

16 de novembro de 2005

Con motivo da celebración do Ano Internacional da Física, tivo lugar no IES Francisco Aguiar unha conferencia do profesor da Universidade de Santiago D. Carlos Pujalte, titulada "Os tres primeiros minutos do universo". O acto foi organizado polo propio instituto e polo Rotary Club.

17 de novembro de 2005

O director xeral de Xuventude, D. Rubén Cela, realizou unha visita de traballo á nosa vila para coñecer de primeira man as prestacións e necesidades da Casa da Xuventude. Estivo acompañado entre outros pola concelleira de Xuventude e Normalización Lingüística, D^a Concepción Valladares.



César Delgado



La Voz de Galicia



César Delgado

18 de novembro de 2005

O presidente da Comisión de Infraestruturas da Deputación Provincial, D. Francisco Candela, visitou algunhas estradas de Betanzos e deu conta no Edificio Liceo das actuacións acometidas polo organismo provincial para a súa mellora. Ao longo da visita estivo acompañado polo alcalde, D. Manuel Lagares, por concelleiro de Infraestruturas, D. Ramón García e o de Servizos, D. Antonio Vázquez.



César Delgado

19 de novembro de 2005

Como vén sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron neste ano o medio século de vida celebrárono cunha misa e unha comida de confraternidade. Como complemento dos actos lanzaron un globo de papel desde o adro de San Domingos.

20 de novembro de 2005

Na Aula Municipal de Cultura, e dentro da campaña de teatro organizada pola Concellería de Cultura, representouse a obra “Na casa do ciruxano” a cargo da compañía de teatro A Mámoa.

Novembro de 2005

Coas obras de mellora dos soportais da Fonte de Unta continuouse o plan de recuperación e rehabilitación da área monumental e zonas protexidas da cidade, elaborado pola Concellería de Casco Histórico, e que abarcou tamén recentemente a rúa do Progreso e o cantón de Claudino Pita.

25 de novembro de 2005

Os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas realizaron un acto simultáneo para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. En Betanzos na praza da Constitución déuselle lectura, por parte de Xulio Cuns, a un manifesto elaborado pola asociación Elas.



25 de novembro de 2005

O conselleiro de Medio Ambiente, D. Manuel Vázquez, foi recibido na Sala Capitular do Concello polo alcalde, D. Manuel Lagares, e por varios membros da Corporación. Anunciou a realización de varios proxectos como a ampliación da rede de saneamento en varios núcleos rurais do concello ou a instalación de colectores de recollida subterráneos no casco histórico.



El Ideal Gallego: T. Pérez

28 de novembro de 2005

A Corporación Municipal aprobou no Pleno deste día o orzamento para o ano 2006, e que ascendeu a 10 millóns de euros.



César Delgado



1 de decembro de 2005

A partir deste día e ata o mes de xaneiro desenvolveuse o Programa de Festexos do Nadal organizado pola Delegación Municipal de Cultura e pola Delegación Municipal de Festexos, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Carla Blanco, Natalia Cánovas e Blanca Freire do CEIP Vales Villamarín, que resultaron gañadoras do concurso de Carteis de Nadal organizado polo Concello.

3-9 de decembro de 2005

Desenvolvéronse os actos de celebración do centenario do Centro Betanzos en Buenos Aires. Por tal motivo unha delegación betanceira, composta por arredor de cento sesenta persoas integradas polas autoridades municipais, banda municipal, e particulares e presidida polo alcalde, D. Manuel Lagares, desprazouse ata a capital arxentina. Desprazouse, así mesmo, unha delegación da Deputación Provincial da Coruña, encabezada polo seu presidente, D. Salvador Fernández Moreda.

No acto de clausura, o alcalde, D. Manuel Lagares, fixolle entrega á presidenta do Centro Betanzos, D^a Beatriz Lagoa Veiga, da Medalla de Ouro do Concello de Betanzos.



14 de decembro de 2005

Dentro do Programa de Nadal puideron verse na Aula de Cultura de Caixa Galicia dúas representacións teatrais, unha a cargo do Grupo de Maiores de Viveiro e outra do Centro de Maiores de Betanzos.

14 de decembro de 2005

No Centro de Educación Sagrado Corazón e, organizado pola Concellería de Cultura, tivo lugar unha representación teatral a cargo do Grupo de Teatro Andamio.

15 de decembro de 2005

Dentro do Programa de Nadal puido verse na Aula de Cultura unha representación teatral a cargo do grupo Berrobambán.

21 de decembro de 2005

Reuníronse este día nunha xornada de confraternización antigos integrantes do Centro Parroquial de San Domingos de Betanzos, facendo unha xira aos Caneiros.



Felipe Erias

23 de decembro de 2005

Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo inaugurouse a exposición de pintura de Alfredo Erias, titulada, “XENTE NO CAMIÑO”, na que se representa a sociedade medieval galega conxugando arte e pedagogía. A mostra, que naceu con carácter itinerante, foi organizada pola Deputación Provincial, que editou un magnífico libro-catálogo. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presenza do presidente da Comisión de Cultura da Deputación, D. Celestino Poza, gran impulsor do proxecto. Interviron tamén na presentación, o poeta Xulio López Valcárcel e o historiador Carlos Pereira Martínez, autores de textos no catálogo.

28 de decembro de 2005

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro de poemas do betanceiro Luis Sánchez López “Geni”, titulado *En alma viva (Flores heridas)*. O acto de presentación correu a cargo do eurodeputado betanceiro, D. Antolín Sánchez Presedo.

31 de decembro de 2005

Nesta noite vella as irmáns Corbelle botaron o peche da *churrería* da praza do Campo, que foi un dos establecementos máis emblemáticos da nosa vila.



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura, Lingua e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indícanse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guiño). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ao remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicárase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indicárase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indicárase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da achega entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicárase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indicárase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



Feira de Santos (1 de novembro) en Betanzos.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2005, Nº 28,
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI
EN BETANZOS
O 25 DE XULLO DE 2006,
DÍA DA PATRIA GALEGA

